



ELECCIÓN Ó CONSELLO ESCOLAR

RESOLUCIÓN do 19 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos.

1º.- Información ós distintos sectores: prazos, día do sorteo público dos membros da Xunta Electoral, lugar de publicación da información, modo de presentar candidaturas...

2º.- Sacar censos electorais do XADE para facer o sorteo dos membros da Xunta Electoral. Preparar o sistema de sorteo.

3º.- Sorteo público (26 de outubro) dos membros da XE (titulares e suplentes); levantar acta. A XE estará formada por:

- Director/a
- Un membro do profesorado
- Un pai/nai
- Un representante de PAS
- Un alumno/a de secundaria

4º.- Convocar a 1ª reunión da Xunta Electoral para:

- Constituír formalmente a XE
- Envío de escritos ó Concello e á ANPA solicitándolles designación dos seus representantes (telos preparados para que os aproben).
- Aprobar e publicar os censos (como mínimo, 10 días antes da eleccións).
- Concretar o calendario electoral: decisión sobre o prazo de presentación de candidaturas (mínimo: 7 días naturais) e decisión das datas e horas das votacións dos distintos sectores (26 de novembro).

Levantar acta.

5º.- Colgar os censos no taboleiro, así como as datas acordadas. Enviar escritos aprobados.

6º.- Recepción de candidaturas na secretaría do centro, cubrindo o modelo que se facilitará.

7º.- Ó rematar o prazo de presentación de candidaturas, convócase a 2ª reunión da XE para:

- Facer pública a proclamación de candidatos (colgar lista no taboleiro e na web).
- Aprobar o modelo de papeletas para as votacións.
- Sortear os membros das distintas mesas electorais (previamente, habería que facer público o día, hora e lugar do sorteo):



As distintas mesas electorais están compostas por:

1.Mesa electoral do profesorado

- Director do Centro
- Profesor de maior antigüidade
- Profesor de menor antigüidade (actuará como secretario)
- **VOTACIÓN MÉRCORES 23 NOVEMBRO en CLAUSTRO EXTRAORDINARIO**
- **HORARIO 11:15 a 11:30 horas**
12:05 a 12:30 horas

2.Mesa electoral das familias

- Director do Centro
- Pais saíntes do Consello Escolar
- Os suplentes designaranse por sorteo.
- **VOTACIÓN MERCORÉS 23 DE NOVEMBRO**
- **HORARIO 10:00 a 11:00 horas**
16:00 a 18:00 horas

3. Mesa electoral de estudantes

- Director do Centro
- Dous alumnos por sorteo (o de maior idade actuará como secretario)
- **NON HAI VOTACIÓN A RENOVACIÓN TERÁ LUGAR NO 2024**

4. Mesa electoral do PND

- Director do centro
- Dous membros do por sorteo PND
- **NON HAI VOTACIÓN A RENOVACIÓN TERÁ LUGAR NO 2024**

Levantar acta da reunión e deixar dous días para posibles reclamacións (a XE deberá, no seu caso, resolver ó seguinte día hábil).

8º.- Citación para a constitución das mesas electorais coa data das votacións decididas na 1ª reunión da XE.

9º.- Votacións (no caso dos representates do profesorado: en claustro extraordinario, no que se constituirá a mesa electoral: director/a + profe de maior idade + profe de menor idade, que actuará como secretario).

10º.- Escrutinio público de cada mesa. Todos os membros da mesas asinan as actas (anexo I).

11º.- Citación para a 3ª reunión da XE para:

- Proclamación de candidatos electos (colgar no taboleiro)
- Traslado das actas das distintas votacións á Xefatura Territorial.
- Levantar acta

12º.- Dentro dos 10 días seguintes á proclamación de candidatos elixidos, constitúese o CE.

13º.- Antes do 20 de decembro, o director/a remite á Xefatura Territorial o informe de seguimento (anexo II).